

INNOVACIÓN EDUCATIVA COASTIC PARA PROFESORADO DE ITALIANO

EE.OO.II DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA
E VILAGARCÍA DE AROUSA

Este traballo céntrase na experimentación do uso das novas tecnoloxías informáticas como soporte da didáctica do italiano para estranxeiros e na realización de materiais (xogos didácticos, simuladores, exerciciarios, hipertextos,...) seguindo as propostas curriculares e o M.C.E.R.L.

Ensinanzas especiais: Lingua Italiana de EE.OO.II

ÍNDICE

- [1. Xustificación.](#)
- [2. Obxectivos.](#)
- [3. Contidos.](#)
- [4. Metodoloxía.](#)
- [5. Temporalización.](#)
- [6. Organización de espazos e tempos.](#)
- [7. Actividades.](#)
- [8. Plan de avaliación.](#)
- [9. Mecanismos establecidos para a coordinación.](#)

1. XUSTIFICACIÓN.

O traballo e os materiais que estamos a presentar forman parte dun seminario permanente que se desenvolveu durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009 no CEFOR da Coruña.

A razón da creación deste seminario permanente debeuse a que a finais do curso 2006-2007 púxose a funcionar na E.O.I. da Coruña unha aula de autoaprendizaxe. Un grupo de profesores de italiano dedicámonos a recoller recursos web para pólos a disposición do alumnado de italiano que empregara a aula de autoaprendizaxe. Unha vez recompilados, observamos que os recursos web existentes na Internet na maioría dos casos non se adecuaban aos contidos e aos niveis que se ensinan actualmente nas EE.OO.II., nin estaban deseñados pensando en alumnado galegofalante.

Por estes motivos decidimos crear un grupo de traballo que se propuxese corrixir estas eivas, achegar ao alumnado a aula de autoaprendizaxe, deseñar material multimedia propio e formarnos no uso das TICs para levalas á aula. A posteriori vimos a posibilidade de aproveitar moito do material elaborado poñéndoo a disposición non só do alumnado da E.O.I. da Coruña, senón tamén do alumnado do resto de EE.OO.II galegas e estatais.

2. OBXECTIVOS.

Os obxectivos que o profesorado participante neste proxecto se propuxo céntranse en obxectivos de formación e obxectivos de repercusión na práctica docente.

2.1. Obxectivos de formación.

Entre o profesorado que participou neste traballo hai un claro consenso na necesidade de normalizar o uso das TICs no ámbito das Escolas Oficiais de Idiomas na práctica docente do profesorado que imparte docencia no campo das linguas. Pero isto deixa aberta a problemática da formación do docente que para poder traballar a este nivel dun xeito autónomo, é dicir, para poder elaborar, pilotar ou crear os materiais a través das novas tecnoloxías debe ter a formación axeitada. E non só isto, os materiais e as boas prácticas docentes deben ir acompañados dunha planificación pedagóxica sólida, delineando as parcelas de traballo sobre as que experimentar. Formación, investigación e experimentación teñen, no contexto deste proxecto, a finalidade declarada e manifesta de levar as Tecnoloxía da Información e da Comunicación á didáctica cotiá. Por iso, xunto ós obxectivos de formación, non esquecemos privilexiar a experimentación dos puntos aprendidos, dado que a

experimentación xunto cun espírito crítico e analítico é, polo que a nós respecta, o modo máis axeitado para garantir, mediante a innovación didáctica á que se accede coa formación oportuna, o éxito dos itinerarios formativos.

Por iso a nivel formativo os nosos obxectivos xerais foron:

- a) Aprender a explotar os recursos que as novas tecnoloxías ofrecen para a aprendizaxe de linguas.
- b) Reflexionar e someter a debate as posibilidades dos recursos multimedia nas aulas e fóra delas para concretar un modelo útil de aprendizaxe para o alumnado na súa totalidade.
- c) Aprender a conxugar e complementar os novos recursos cos recursos máis tradicionais na aprendizaxe de linguas.
- d) En termos xerais, prepararnos para usar e dar a coñecer do xeito máis eficaz estas novas tecnoloxías e o seu aproveitamento na aula.
- e) Aprender a elaborar materiais adaptados ós niveis de ensino establecidos nos novos planos de estudo das EE.OO.II.: básico, intermedio e avanzado.
- f) Crear unha rede de traballo en grupo para detectar necesidades de formación específica.

2.2. Obxectivos de repercusión na práctica docente.

Con este proxecto pretendemos, a nivel xeral:

- a) Continuarmos co traballo iniciado por unha gran parte da comunidade educativa para implementar na cotidianidade do ensino a utilización de novos e novidosos recursos didácticos.
- b) Continuarmos coa incorporación das TICs na realidade diaria das aulas.
- c) Fomentarmos a autonomía do alumnado na aprendizaxe de linguas e, asemade, na súa competencia dixital, tal e como explicitamente recolle o Marco Común de Referencia Europeo para as Linguas, dotándoo de materiais axeitados, entretidos e amenos.
- d) Investigarmos sobre os recursos web existentes para a didáctica do italiano.
- f) Crearmos materiais para a didáctica: xogos, simuladores, exerciciarios, hipertextos,... coherentes coas propostas pedagóxicas curriculares actuais.
- g) Experimentarmos no laboratorio lingüístico que é a aula dunha escola de idiomas cos materiais e revisar, á luz dos resultados, tanto as propostas curriculares coma os propios materiais recomendados.

h) Elaborarmos material para a aula de autoaprendizaxe, de uso nas aulas, na práctica diaria da aprendizaxe, nivelando a dificultade dos mesmos segundo os niveis para os que se crean.

i) Elaborarmos material para o laboratorio de idiomas.

k) Elaborarmos e compilarmos material para ser utilizado polo alumnado de xeito autónomo, ben na aula de autoprendizaxe, ben a través da posta en marcha dunha páxina web que recolla de xeito organizado todo este material, pódoo á disposición do alumnado interesado en parte ou na totalidade do mesmo.

l) Crearmos material axeitado para o encerado dixital.

En definitiva, pretendemos incrementar a presenza dos recursos informáticos na realidade das aulas: ordenadores, portátiles, canóns, encerados dixitais,... e, vista a rapidez coa que este campo avanza, todos aqueles que, co tempo, se poidan adaptar ás características da aula de xeito eficaz e eficiente.

3. CONTIDOS.

No desenvolvemento deste proxecto creáronse actividades de clara orientación didáctica, cuxos recursos son unicamente informáticos e multimedia. Unha das formas de implicación do alumnado nestas actividades foi a pilotaxe dos materiais nos distintos grupos e niveis que era posible cos medios dos que dispoñiamos nos diferentes centros nos que impartimos as nosas clases.


Todos os contidos e actividades realizadas son de tipo multimedia e oríentanse a pór en marcha a páxina web no dominio xa rexistrado italianoaldente.es (actualmente en construción). Estes contidos son, así mesmo, facilmente adaptables a outros soportes. De todas formas, a tipoloxía dos exercicios e das actividades toman formas diferentes para poder satisfacer un amplo abano de gustos nos posibles usuarios: cancións, xogos, exercicios automáticos, comprensións textuais, laboratorios,... e recollen na medida do posible as catro destrezas que compoñen o ensino de linguas (as dúas destrezas pasivas de comprensión oral e escrita e as dúas destrezas activas de expresión oral e escrita). Ademais entre os contidos atópanse una serie de exercicios automáticos para que o alumnado traballe de xeito mecánico argumentos gramaticais.

Ademais, entre os contidos existentes neste traballo de creación de actividades en soporte multimedia, existe un amplo labor de recollida de servizos e de información para dotar o usuario dunha serie de recursos dos que botar man e que consideramos que lle poden resultar de utilidade cando se

sente a traballar sobre as actividades creadas. Entre eses servizos e recursos atópanse:

- links divididos por temática;
- dicionarios e gramáticas on line para axudalo a abordar algunha das actividades propostas;
- un servizo de correo electrónico que lle permita contactar cos promotores do proxecto;
- elementos de situación temporal: un calendario (en italiano) e un reloxo.

Entre os contidos que se desenvolven no proxecto, a análise do material que se achega no CD-ROM permitirá comprobar que existen dous grandes grupos denominados en italiano como “attività” (actividades) e “home”. Para acceder a estes dous grandes bloques é necesario abrir o arquivo “INIZIO.htm”



No primeiro grupo atópanse as diferentes actividades, as actividades propiamente ditas, elaboradas, pilotadas e seleccionadas polo seu carácter lúdico e didáctico, e organizadas segundo unha lóxica interna perfectamente identificable: “avvenimenti” (sucesos), “laboratorio” (laboratorio), “luoghi” (lugares), “oggetti” (obxectos), “persone” (persoas), e “strutture” (estruturas), seguindo os parámetros que recolle o Marco Europeo de Referencia para as Linguas (M.C.E.R.L.). Esta distribución está claramente especificada para o alumnado de modo tal que ten varias formas de acceder aos seus intereses seguindo varios percorridos tendo en conta a propia cor que identifica cada un dos apartados.

No apartado “home” o futuro usuario/a poderá contactar cos promotores da páxina, ten un reloxo, un calendario na lingua que estuda (cuxa estética permitirá usalo tamén para dar a coñecer fotografías das distintas actividades organizadas polo departamento), un apartado cuxos protagonistas serán os alumnos de italiano como L2 e as actividades por eles elaboradas, un apartado de cociña, links útiles organizados por temática: cursos e materiais de italiano como L2, cociña, xeografía e cultura, xornais e noticias, literatura, moda, radio, revistas e portais, espectáculo e televisión. Ademais de todo isto, existe neste apartado da páxina un enlace directo co apartado de actividades e un resumo de todas as informacións necesarias para navegar sobre a páxina dun xeito máis práctico. Todo isto sen esquecermonos de presentalos contidos e actividades cunha estética novidosa e atractiva para que o uso da páxina represente algo lúdico en todos os aspectos.

4. METODOLOXÍA.

A metodoloxía sobre a que nos basamos á hora de deseñar as actividades que se inclúen dentro da páxina web baséase no fomento da autoaprendizaxe e da autoavaliación por parte do alumnado que navegue pola web ou que traballe na aula de autoaprendizaxe. Para iso sempre se lle ofrece ao usuario da páxina as ferramentas necesarias para levar a cabo as diferentes actividades. Se lle botamos unha ollada ás actividades “Animali, nomi e versi” e “Professioni e mestieri”, dúas actividades que traballan co léxico dos animais e das profesións (contidos de nivel básico), veremos como se pon a disposición do alumnado o léxico básico que vai precisar para realizar as diferentes actividades, dispoño sempre do solucionario. Que o pilar fundamental da metodoloxía que empregamos sexa a autoaprendizaxe favorece que a heteroxeneidade coa que nos enfrontamos continuamente nas aulas, na aula de autoaprendizaxe e na web non teñan importancia no tocante á organización dos tempos.

Tal e como comentamos, a metodoloxía usada favorece a autoavaliación do alumnado porque dispón sempre do solucionario (premendo a chave) e ás veces dispón da opción de “suggerimento”, que lle achegará algunha pista para a solución do exercicio.

5. TEMPORALIZACIÓN.

A realización deste traballo levouse a cabo nos cursos académicos 2007-2008 e 2008-2009 e queremos continuar a melloralo e a implementalo no vindeiro curso académico 2009-2010. A maioría das actividades e dos exercicios que se presentan foron realizados no curso académico 2008-2009, curso no que ademais se pilotaron nas aulas, porque un dos puntos centrais e máis complexos que centraron as sesións anteriores foi a decisión da estrutura,

a cal nos parecía imprescindible ter deseñada antes de afrontar a creación de materiais.

6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.


No manexo da web é o alumnado o que organiza e manexa os espazos e os tempos. Aínda que a día de hoxe as actividades que presentamos non se atopan dispoñibles en internet, si están dispoñibles na aula de autoaprendizaxe da E.O.I. da Coruña. Ademais, nas EE.OO.II. de Santiago de Compostela e Vilagarcía estas atópanse en parte dispoñibles para o alumnado oficial, atendendo ao seu nivel, nos cursos da aula CESGA cos que conta o profesorado destas dúas escolas. Moitas destas actividades foron realizadas nas nosas aulas e postas a disposición do alumnado a posteriori nos espazos que acabamos de apuntar.

7. ACTIVIDADES.

Ademais dos materiais elaborados e achegados no CD que acompaña esta memoria, os membros que compoñen este grupo de traballo crearon outros materiais que non se achegan ben porque están en proceso de revisión e adaptación, ben porque están aínda en fase de preparación. Agora mesmo a nosa atención céntrase en debatir a estrutura formal que deben presentar no deseño da páxina web os contidos gramaticais. Existe xa algunha proposta, pero está en fase de discusión, mellora e integración. Tamén, polo que respecta a esta páxina, estamos estudando as posibilidades de integrar activamente o alumnado na súa elaboración de contidos, para, asemade, implicalos e achegalos da maneira máis atractiva posible ós recursos que esperamos poder ofrecer en breve non só a eles senón a todos aqueles que, por unha ou outra razón, estean interesados na aprendizaxe da lingua italiana. En parte, xa foi debatido e resultado do debate son certos servizos e seccións da futura páxina, pero seguimos debatendo sobre cal debe ser o grao de participación activa do alumnado neste proceso.


Os materiais achegados en soporte informático presentan o proxecto de páxina web que é un dos obxectivos fundamentais deste grupo de traballo. Estes atópanse divididos en dous grandes bloques que acollerán os contidos da páxina: “home” e “attività”, aos que se accede a través do arquivo “INIZIO.htm”.

O 1º bloque: “home”. Abrindo a carpeta con este nome e arrancando o navegador co nome tamén de “home” pódense apreciar os seguintes contidos e materiais que se encadran nun entorno gráfico de aula, cunha parede, o reloxo, a ventá dentro da cal se encontra o minimenú, o encerado e o calendario.




Dentro do minimenú atópanse os seguintes materiais:

-alumnos: neste apartado atópanse as actividades desenvolvidas polo alumnado; de momento só está presente a actividade teatral realizada no curso 2007-2008 (vídeo e fotografías);




-quen somos: contará co nome dos promotores e colaboradores da páxina;




-contacto: trátase do servizío de correo electrónico para suxestións, preguntas ou informacións;

-“Da Michele”: trátase dun apartado monotema centrado nas receitas e na gastronomía italiana dividida en distintas seccións como primeiros platos, carnes, sobremesas,...




-informacións: é un apartado no que se conteñen as instrucións básicas e útiles para poder navegar pola páxina de xeito máis eficiente;

-links: trátase de máis de 200 links presentados estruturalmente por área temática (cine, televisión, radio, materiais didácticos, prensa, moda, cociña,...) e con opcións para seleccionar o modo de navegación por eles.



Aínda nesta primeira sección do cartafol “home” podemos acceder, a través do “Inizio” a como será o entorno inicial da páxina web. Pódese apreciar un entorno moi sinxelo con dúas portas que se abren continuamente e que dan acceso ás dúas seccións que compoñen o proxecto: “home” e “attività”. No ángulo superior esquerdo hai un texto “clic” que se acciona e que dá acceso ás informacións básicas sobre o funcionamento da páxina. Centrado na parte superior está o nome da páxina coa institución que, fundamentalmente, a acolle para deixar claro o seu carácter didáctico e os seus principais destinatarios.

O 2º bloque: “attività”.



Polo que se refire ás actividades propiamente ditas, navegando por este apartado da páxina, encontramos as seguintes actividades que pasaron todos os procesos de avaliación:

a) Luoghi.


- “La città”, “I negozi”, “L'albergo” e “I mesi dell'anno”.

TITOLO DELL'ATTIVITÀ	FONTE	ABILITÀ	STRUMENTI	DESCRIZIONE
La città				Fissazione di vocaboli del campo lessicale 'città'.
I negozi				Fissazione di vocaboli del campo lessicale 'negozi'.
L'albergo				Fissazione di vocaboli del campo lessicale 'albergo'.
I mesi dell'anno				Fissaggio dei nomi dei mesi.

Trátase de actividades que se atopan na sección de “Luoghi” que traballan co léxico da cidade, as tendas, o hotel e os meses do ano, e que foron realizadas empregando o HotPotatoes.


b) Persone.

-“Professioni e mestieri”.




Trátase dunha actividade de dificultade progresiva centrada no enriquecemento léxico do ámbito das profesións. A actividade está estruturada en 4 partes e o usuario ten sempre a man un dicionario electrónico que poida solventar certas dúbidas puntuais. Os dous primeiros pasos da actividade son unha presentación do léxico de maneira divertida e lúdica, os dous últimos trátase de reconstruír nomes de profesións, todas elas presentes no documento, mediante o xogo do aforcado.

-“Bambini in affido”.



É unha actividade de comprensión da lectura elaborada con Hot Potatoes que se atopa dentro da sección “Persone”.


-“Una giornata con Sandra Bullock”.



Trátase doutra actividade de comprensión de lectura elaborada con HotPotatoes.

c) Oggetti.

-“Animali, nomi e versi”



A actividade está estruturado en seis partes, as dúas primeiras presentan o léxico básico sobre o argumento dos animais en formas distintas. A terceira


supón un enriquecemento do léxico que traballa coa memoria gráfica e terminolóxica do usuario. A cuarta é por unha parte o reforzamento do aprendido e por outra unha comprensión oral, xa que se traballa a partir dunha canción na que se deben individualizar os nomes dos animais que non están presentes na imaxe. A quinta e a sexta parte da actividade son tamén de enriquecemento léxico, centradas nos sons que emiten os animais.

-“Frase metaforiche con i nomi degli animali”.



Trátase dun xogo, cunha estrutura similar á do xogo da oca, no que a cada oco lle corresponde unha pregunta cun contido que o usuario debe resolver. As preguntas son aleatorias para evitar a posibilidade de aprender de memoria as respostas en cada un dos ocos.


-“Guida pratica per capire gli animali”.



Trátase dunha actividade de comprensión de lectura sobre a área lexical dos animais.

d) Azioni.

-“Guida al matrimonio”.




É unha actividade que se atopa dentro de “Azioni”, pensada para levar a cabo en grupo, nunha sesión de aula e na que os alumnos teñen que interactuar pois a distribución da actividade supón que a parte de cada un dos alumnos é necesaria para os demais. Implica as destrezas de produción oral, de comprensión de lectura e de produción escrita; ao alumno dáselle unha serie de información a partir da cal debe levar a cabo unha investigación para obter unha información concreta que se lle require e, despois, poñelo en común co resto dos compañeiros para, entre todos, resumir toda a información relevante que se quere obter. Trátase dun exercicio cun alto contido cultural que servirá con posterioridade para propoñer un exercicio de produción escrita, resumindo os puntos esenciais do aprendido ou facendo unha análise contrastiva da cultura italiana e da cultura nai.

-“La storia della mozzarella”.



Atópase tamén en “Azioni” e trátase dunha actividade similar á anterior, centrada esta vez noutra das iconas culturais da gastronomía italiana: a mozzarella.


-“Proverbi”.



Esta actividade tamén se atopa en “Azioni” e busca o traballo en grupo do alumnado, quen deberá traballar para buscar proverbios en italiano e a

correspondente tradución ao galego ou ao español. Trátase dunha actividade de investigación que implica as destrezas de produción oral, comprensión da lectura e produción escrita. O usuario dispón na propia actividade de todos os recursos necesarios: refráns por temática, refráns por orde alfabética, refráns por rexións e varios dicionarios (bilingües, monolingües e de refráns).

“Lettura a colori”.




Trabállase tamén con frases feitas, neste caso con aquelas que empregan as cores en sentido metafórico.

Dentro da sección “Azioni” atópanse catro pestanas na parte superior que fan referencia á destreza da comprensión oral: “ascoltare-canzone”, “ascoltare-radio”, “vedere-televisione” e “vedere-film”. Nestas pestanas atópanse algunhas actividades de comprensión oral. Actualmente atópanse tres actividade: dúas en “ascoltare-radio” e unha en “ascoltare-radio”.


-“Se bastasse una sola canzone”

Trátase dun cloze, de comprensión oral, que toma como pretexto unha famosa canción de Eros Ramazzotti. O usuario debe escoitar a canción e escoller entre as opcións dadas cal é a que se pronuncia na canción. Ao final dáselle o resultado das opcións atinadas e a porcentaxe de acerto no desenvolvemento do exercicio.




-“Bella”.

Trátase dunha actividade na que se debe completar a canción de Jovanotti “Bella” mentres se escoita. Deseñouse esta actividade para alumnado principiante absoluto e para traballar cos sons do italiano.



-“Libri di viaggio e da viaggio”.

É unha actividade de comprensión oral. Colleuse un documento audio e dividiuse en 6 fragmentos con respecto ós cales se elaboraron con “Hot Potatoes” seis exercicios de comprensión do audio.




The screenshot shows a web browser window with the address bar displaying 'F:\home\ATTIVITA\attivitaq.html'. The page has a navigation bar with tabs: LUOGHI, ISTITUZIONI, PERSONE, OGGETTI, AVVENIMENTI, AZIONI, and STRUTTURE. The main content area is titled 'DESCRIZIONE DELLE ATTIVITÀ DI RADIO' and contains a table with the following data:

TITOLO DELL' ATTIVITÀ	Fonte	ABILITÀ	STRUMENTI	DESCRIZIONE
Libri di viaggio e da viaggio				Testo audio tratto dalla trasmissione, presentata da Ilaria Solvis, del canale radio "la Radio ne parla"; la trasmissione è stata divisa in 6 parti.

e) Strutture.

Estas son as principais actividades deseñadas, pero non son as únicas. No apartado de “Strutture” figuran unha serie de exercicios realizados co HotPotatoes de tipo gramatical.



The screenshot shows a web browser window with the address bar displaying 'F:\home\ATTIVITA\attivitaq.html'. The page has a navigation bar with tabs: LUOGHI, ISTITUZIONI, PERSONE, OGGETTI, AVVENIMENTI, AZIONI, and STRUTTURE. The main content area is titled 'Segni e suoni' and contains a grammar exercise interface. The interface features a green background with a wooden frame containing a photo of a street scene. The text on the page reads:


Per motivi pratici abbiamo così suddiviso le categorie di questo modulo.
Per qualsiasi chiarimento clicca la linguetta delle informazioni.

R.S. Clicca solo la sottocategoria. Buon lavoro!

compre ben-riova

Outras actividades non se inclúen por non ter pasado o filtro da pilotaxe, por iso algúns apartados como “Istituzioni” ou “Avvenimenti” aparecen baleiros.

Non todos os materiais elaborados aparecen entre os materiais que se achegan porque, como xa dixemos, atópanse en proceso de revisión e adaptación, como por exemplo unha actividade “L’Italia in otto monumenti”. Esta actividade traballa coa comprensión de lectura utilizando as moedas de euro italianas na súa dimensión cultural.



8. PLAN DE AVALIACIÓN.

Para avaliar as actividades que queremos pór a disposición do alumnado na web e na aula de autoaprendizaxe tivemos en conta os seguintes criterios:

- a) A organización: que estivese ben organizado.
- b) O uso: que sexa fácil de usar e que conteña enlaces que permitan ampliar información e resolver dúbidas.
- c) A lingua: que use a lingua meta como vehículo de comunicación, neste caso o italiano.
- d) Culturalidade: que inclúa elementos culturais.
- e) Motivación: que sexa motivador e entretido, para o cal introdúcense elementos multimedia.
- f) Variedade: que ofrezca unha gran variedade de actividades.

g) Interactividade: que sexa un sitio interactivo no que o alumnado poida integrar as catro destrezas e que posúa feedback e explicación de erros.

h) Autonomía: que fomente a autonomía do alumnado de xeito que este aprenda a lingua meta de xeito fácil e entretido.

Despois de someter á análise de todos os membros do grupo os materiais que realizabamos atendendo aos criterios que acabamos de expor, sometiamos as actividades á pilotaxe nas aulas co noso alumnado. A posteriori valorabamos a pertinencia de modificalas ou de dispor delas para a futura publicación na web e na aula de autoaprendizaxe.

Ademais da avaliación á que sometiamos nós as actividades deseñadas, as actividades deseñadas permítenlle ao alumnado autoavaliarse, tal e como apuntamos cando falamos da metodoloxía que seguimos.

9. MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN.

No caso do grupo de traballo que conformamos para realizar este traballo, no curso académico 2007-2008 os tres membros do grupo realizabamos as nosas funcións docentes na E.O.I. da Coruña, polo que non existiu ningún tipo de dificultade para coordinarnos. No curso académico 2008-2009 cada membro do grupo atopábase nunha E.O.I. diferente, polo que establecemos un plan de traballo individual, coordinado por reunións puntuais realizadas os sábados e en épocas non lectivas na Coruña ou en Santiago de Compostela. Ademais, intercambiamos información empregando o correo electrónico e a través de blogs persoais